

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 18 de decembro de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Aguete, Pilar
Muleiro Parada, Luis
Orge Míguez, José Carlos
Valcárcel Fernández, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Emma

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a. Antonia
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Bruna Quintas, M^a. Cristina
Cabeza Pereiro, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a. Belén
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, M^a. Noemí
García Mosquera, Marta
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Táboas, M^a. Teresa
Muleiro Parada, Luis Miguel
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Lago, José Ramón
Ruíz Hidalgo, Carmen
Santos Castroviejo, Iago
Trigo Gómez, Pilar
Vicente Remesal, Javier de

Estévez Abeleira, Teresa
Salgado André, M^a. Elena

Araujo Figueroa, Isaac Borja
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Fernández Huidobro, Adrián

Iglesias Prado, Elena
Macías Coimbra, Henrique
Ramil Vázquez, Paula
Rivas Suanzes, M^a. Fernanda
Vázquez Escudero, Antonio José
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 13.00 h. coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 14 de novembro de 2013).
- 2.- Informes da Decana.
- 3.- Aprobación, se procede, das seguintes propostas da Comisión do Programa de Doutoramento “Ordenación Xurídica do Mercado”: a) Profesora Doutora de Dona Margarita Fuenteseca, como nova Secretaria; b) Profesor Doutor Don Jaime Aneiros Pereira, como representante do Programa de Doutoramento na Comisión de Calidade; c) Profesora Doutora Dona Emma Rodríguez Rodríguez, como novo Vogal.
- 4.- Aprobación, se procede, da composición dos tribunais avaliadores dos Traballos de Fin de Grao das titulacións do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- 5.- Aprobación, se procede, da proposta do Decanato sobre unha data de festividade común para as titulacións de Grao en Dereito e Grao en Realacións Laborais.
- 6.- Aprobación, se procede, da aprobación do Informe de seguimento do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral.
- 7.- Aprobación, se procede, do Profesor Doutor Don Francisco Javier de Lucas Martín como membro honorífico do Claustro de Profesores de Dereito.
- 8.- Aprobación, se procede, da proposta como padriño externo da segunda promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos de Don José Antonio Muñoz Codina, Director Xeral da factoría de Citroën en Vigo.
- 9.- Resolución de solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes para a obtención de retribucións do profesorado universitario (quinquenios).
- 10.- Rogos e preguntas.

A Decana escusa a ausencia na Xunta das seguintes persoas: Dona Mar Rodríguez Domínguez (coidado de familiar), Dona M^a Nieves López Prieto (reunión Reitorado), Dona Magdalena Barahona Martín (causas médicas) e Dona Helena Martínez Hens (día de asuntos propios).

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 14 de novembro de 2013).

Apróbase por asentimento.

2.- Informes da Decana.

A Decana informa, dos seguintes aspectos:

- 1.- Nomeamento da Profesora M^a. Cruz Barreiro como Vicedecana en substitución do Profesor Luis Muleiro Parada.
- 2.- A Profesora Mar Rodríguez intégrase na Xunta de Facultade, ao ter toda a docencia neste segundo cuatrimestre neste Centro.
- 3.- A mesa de recollida de alimentos deixouse permanecer uns días máis por si alguén non teña colaborado e desexe facelo. A Secretaria ten avisado a Cáritas para que pasen a recoller os alimentos entre hoxe e mañá.
- 4.- Asignación de prácticas e de TFG do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Isto último resultou moi complicado no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos porque o curso complementario incrementa moito a demanda de TFG neste Grao, por este motivo hai docentes que tamén teñen ofertados TFG aínda sin ser na actualidade profesores do título. A Decana anuncia que deberá reflexionarse sobre a conveniencia de manter o curso complementario.
- 5.- O Informe de seguimento definitivo do Grao en Dereito foi presentado en tempo e forma correctamente pola nosa Facultade. No seu momento solicitouse a delegación na Comisión Permanente para que aprobase as pequenas modificacións que se presentaran pola Comisión de Calidade e despois de revisar o informe técnico do Reitorado. Despois de cumprir con estes requisitos, a Profesora Mar Rodríguez recibiu unha comunicación oficiosa sobre cambios sustanciais no Plan de Acción de Mellora, en concreto sobre a simultaneidade dos títulos de Dereito e ADE. Noo Decanato non se recibiu ningunha notificación nin oficial nin oficiosa sobre esta cuestión e debería ser sometida á Comisión de Calidade deste Centro xa que establecen especialidades para Vigo. Non se pode retroceder no procedemento cando xa foi admitido e aprobado por ambas partes. Ademais os Decanatos deste Centro e ADE xa deron traslado ao Reitorado da Memoria sobre a simultaneidade de ambas titulacións. A Decana mostra especial agradecemento pola súa dedicación ao Profesor Falagán.
- 6.- Derradeiras cuestións sobre gastos económicos do ano 2013:
 - Ampliación de cinco postos de ordenadores na aula informática.
 - Renovación de butacas na aula B-3 para utilizar as antigas para reparación.
 - Substitución de cortinas por estores no bloque A, na primeira planta.

- Compra de ordenadores a profesores con dedicación a tempo completo que o solicitaron.
- Portátiles para docencia que están en conserxería.
- Nova destructora para conserxería (pendente de chegar).
- Escáneres nas áreas (instaladas nos ordenadores onde están as Bases de Datos K-solución).
- Mobiliario diverso (estanterías, despachos profesores, estantería secretaría, ...)
- Impresora e escáner en secretaría e en Decanato.
- Ordenador en Secretaría.

3.- Aprobación, se procede, das seguintes propostas da Comisión do Programa de Doutoramento “Ordenación Xurídica do Mercado”: a) Profesora Doutora de Dona Margarita Fuenteseca, como nova Secretaria; b) Profesor Doutor Don Jaime Aneiros Pereira, como representante do Programa de Doutoramento na Comisión de Calidade; c) Profesora Doutora Dona Emma Rodríguez Rodríguez, como novo Vogal.

Apróbase por asentimento.

4.- Aprobación, se procede, da composición dos tribunais avaliadores dos Traballos de Fin de Grao das titulacións do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

A Decana da lectura aos distintos Tribunais das diferentes titulacións, aprobados na reunión da Comisión do Traballo de Fin de Grao de 18 de novembro de 2013:

Tribunais do Grao de Dereito. Convocatoria 1:

Tribunal 1:

Presidente: Helena Martínez Hens
 Secretaria: Teresa Martínez Táboas
 Vogal: Elena Salgado André

Tribunal 1 (Suplentes):

Presidente: Iago Santos Castroviejo
 Secretaria: Luis Muleiro Parada
 Vogal: Amparo Rodríguez

Tribunal 2:

Presidente: Ana Pita Grandal
 Secretaria: Belén Sánchez Ramos
 Vogal: Nora Martínez Yáñez

Tribunal 2 (Suplentes):

Presidente: Julio Costas Comesaña
Secretaria: Almudena Bergareche Gros
Vogal: Baltasar Manzano González

Tribunais do Grao de Dereito. Convocatoria 2:

Tribunal 1:

Presidente: Iago Santos Castroviejo
Secretaria: Luis Muleiro Parada
Vogal: Amparo Rodríguez

Tribunal 1 (Suplentes):

Presidente: Helena Martínez Hens
Secretaria: Teresa Martínez Táboas
Vogal: Elena Salgado André

Tribunal 2:

Presidente: Julio Costas Comesaña
Secretaria: Almudena Bergareche Gros
Vogal: Baltasar Manzano González

Tribunal 2 (Suplentes):

Presidente: Ana Pita Grandal
Secretaria: Belén Sánchez Ramos
Vogal: Nora Martínez Yáñez

Tribunais do Grao de RRLL E RRHH. Convocatoria 1:

Tribunal 1:

Presidente: Rosina Portas Morán
Secretario: Ángel Mariño Andrés

Vogal: José Carlos Orge Míguez

Tribunal 1 (suplente):

Presidente: Carmen Ruiz Hidalgo
Secretaria: Emma Rodríguez Rodríguez
Vogal: Xosé Ramón Rodríguez

Tribunal 2:

Presidente: Magdalena Barahona Álvarez
Secretaria: M^a Cruz Barreiro Carril
Vogal: Pilar Trigo Gómez

Tribunal 2 (suplente):

Presidente: Pablo Menéndez García
Secretaria: Belén Fernández Docampo
Vogal: Gloria Caballero

Tribunais do Grao de RRLLE RRHH. Convocatoria 2:

Tribunal 1:

Presidente: Carmen Ruiz Hidalgo
Secretaria: Emma Rodríguez Rodríguez
Vogal: Xosé Ramón Rodríguez

Tribunal 1 (suplente):

Presidente: Rosina Portas Morán
Secretario: Ángel Mariño Andrés
Vogal: José Carlos Orge Míguez

Tribunal 2:

Presidente: Pablo Menéndez García
Secretaria: Belén Fernández Docampo
Vogal: Gloria Caballero

Tribunal 2 (suplente):

Presidente: Magdalena Barahona Álvarez
Secretaria: M^a Cruz Barreiro Carril
Vogal: Pilar Trigo Gómez

Apróbase por asentimento.

5.- Aprobación, se procede, da proposta do Decanato sobre unha data de festividade común para as titulacións de Grao en Dereito e Grao en Realacións Laborais.

A Decana explica que dado que hai moitos Profesores que teñen docencia en ambos Graos. O 7 de xaneiro e a festividade no Grao en Dereito e o 1 de maio do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Despois da consulta pertinente a Secretaría Xeral, dende o Decanato propónse como festividade común alternativa a ambas titulacións, o día 27 de xaneiro, data na que o Centro permanecerá pechado, en caso de ser aprobado.

Apróbase por asentimento.

6.- Aprobación, se procede, da aprobación do Informe de seguimento do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral.

Apróbase por asentimento.

7.- Aprobación, se procede, do Profesor Doutor Don Francisco Javier de Lucas Martín como membro honorífico do Claustro de Profesores de Dereito.

A Decana explica que o propón a Área de Dereito de Fislosofía do Dereito como corresponde segundo o acordo desta Xunta sobre a rotación de Área para a designación de membros honoríficos. A Decana da a palabra a Vicedecana Pilar Allege que fai unha *laudatio* resumida sobre a figura do Profesor Doutor Don Francisco Javier de Lucas Martín.

Apróbase por asentimento.

8.- Aprobación, se procede, da proposta como padriño externo da segunda promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos de Don José Antonio Muñoz Codina, Director Xeral da factoría de Citroën en Vigo.

A Decana explica que se trata dunha tradición no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos que empresarios importantes sexan padriños externos da promoción de que se trate. A Decana expón resumidamente a traxectoria profesional de D. José Antonio Muñoz Codina, Director Xeral da factoría de Citroën en Vigo.

O Sr. Miguel Diéguez pide que se vote porque mostra o seu desacordo con que sexa un empresario o padriño externo.

O resultado da votación é de 20 votos a favor, 1 voto en contra e 3 abstencións.

Apróbase a proposta do Decanato.

9.- Resolución de solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes para a obtención de retribucións do profesorado universitario (quinquenios).

A Decana explica que a partir de agora terase en conta de que tipo de escusa se trata e soamente as xustificadas (motivos médicos, estudos, etc.) poden xustificar as ausencias.

A Decana procede a ler primeiro as peticións de membros que xa non son membros. Referencia especial a situación de servizos especiais da Profesora Beatriz González Moreno e de ano sabático do Profesor Miguel-Ángel Michinel Álvarez, casos nos que solicita que se vote favorablemente.

A Decana procede a ler as solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes. Son:

- AMPARO RODRÍGUEZ DAMIÁN
- BEATRIZ GONZÁLEZ MORENO
- CARLOS FERRO SOTO
- CARMEN DOMÍNGUEZ RUBIRA
- EMMA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
- FRANCISCO JAVIER DE VICENTE REMESAL
- JAIME ANEIROS PEREIRA
- JULIO COSTAS COMESAÑA
- LUIS MIGUEL MULEIRO PARADA
- M^a. DEL MAR RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
- M^a. ELENA VELANDO RODRÍGUEZ
- MANUEL IGNACIO GARCÍA RIVARES
- MARIA NOEMÍ GARCIA GESTOSO
- MARTA GARCÍA MOSQUERA
- MIGUEL-ÁNGEL MICHINEL ÁLVAREZ
- PILAR ALLEGUE AGUETE
- RAFAEL FERNÁNDEZ ACEVEDO
- ROSA MARÍA LOVEIRA PAZÓ
- ROSINA PORTAS MORÁN
- SUSANA ÁLVAREZ GONZÁLEZ

Infórmanse todos positivamente.

10.- Rogos e preguntas.

O Sr. Miguel Diéguez pregunta pola fonte. A Decana da la palabra o Vicedecano Jose Orge e explica que se ten solicitado o orzamento e que se está traballando nesta cuestión. Convérsase a súa sobre su ubicación.

O Profesor Mariño pregunta polo escrito enviado ao Decanato pola Profesora Helena Martínez Hens. A Decana explica en que consiste a petición da Profesora Helena Martínez Hens. Explica a secuencia dos feitos: de xeito oral, nun primeiro momento, solicitou un ordenador para a Profesora Estévez. O Decanato procura atender necesidades docentes. Nese momento revisouse o ordenador e reparouse polos servizos informáticos e funcionaba perfectamente. A Decana pregunta á Profesora Estévez si quere expresar o seu parecer. A Profesora Estévez explica que o seu ordenador estaba “morto”. A Decana da a palabra o Vicedecano Orge quen precisa que no proceso de revisión do ordenador, cambiouse a fonte de alimentación e nada máis. A Decana solicita á Profesora Estévez que se é ela a que ten problemas có ordenador, que se poña ela mesma en contacto con Decanato e atenderase oportunamente. En todo caso que se poña en contacto cos servizos infomáticos correspondentes, como o resto de profesores.

O Sr. Miguel Diéguez pregunta cando se fará a primeira xunta o próximo curso porque os inxeñeiros industriais queren propor unha iniciativa para equiparase as licenciaturas cos grados e master. A Decana explica que hai diferencias entre as diferentes titulacións e advirte ao respecto.

O Sr. Miguel Diéguez pregunta pola Asociación Española de Estudiantes de Dereito. A Decana dalle unha referencia e recoméndalle que se poña en contacto con ela, tamén coa asociación europea.

Para finalizar a Decana convida a tódolos membros do Centro a participar dun almorzo de confraternidade, no que o Decanato invita a postes navideños. A Decana desexa a todos Bo Nadal e próspero 2014.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 14:30 horas do que dou fe como Secretaria.

A SECRETARIA

Emma Rodríguez Rodríguez